Do tempo e dos astros
Antonio Fraguas



Nesta obra que publica achéganse dous traballos singulares de Antón Fraguas: “O culto aos mortos” e “Preocupación polo tempo e os astros na crenza popular”. Son obras, ambas as dúas, moi distantes no tempo, pois a primeira foi publicada en 1931 (foi unha conferencia pronunciada no Ateneo de Vigo o 9 de maio de 1931) e a segunda en 1975 (no Tomo V do Boletín Auriense dese mesmo ano) máis que nos mostran o mellor da produción do etnógrafo e mestre que foi o autor de Cotobade.



Santuario da Franqueira
Antonio Fraguas

Un interesante e breve relato que Antonio Fraguas recolleu das historias contadas por Dona Antonia Pérez Estraviz, veciña de Mondariz e que foi coma unha nai para o escritor de Cotobade. Antonio Fraguas, investigador do patrimonio inmaterial espiritual, outrora chamado folclore e etnógrafo de ideoloxía galeguista, homenaxeado este ano pola RAG, entre outros méritos por reivindicar “a memoria, a cultura e a lingua do pobo galego” destacou principalmente por poñer en valor a cultura espiritual campesiña. As festas e romarías populares, as cantigas, as crenzas e os costumes aparecen nos seus ensaios, recollendo en moitos dos seus escritos a esencia do mundo campesiño.

BIBLIOTECA ESCOLAR

Novidades 1

Biblioquendas.blogspot.com
Curso 2019-2020

I.E.S. Lama das Quendas

R/ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982870223 – Fax: 982870233
e-mail:ies.lama.quendas@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas



Cantigueiro de Cotobade
Antonio Fraguas

Publicado por vez primera en 1985, coincidindo coa entrega do Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo, esta compilación inicioun Antonio Fraguas nos seus tempos de estudante en Pontevedra. Nas súas propias palabras, este "traballo non é máis que unha contribución ao cancioneiro galego. As cantigas son vellas manifestacións dun mundo desaparecido, transformado […]. A cántiga ten a súa vida en toda Galicia, a terra onde, sen lugar a dúbidas, se cantou máis". *Oradaladou* pon a música a trece cantigas recollidas noutros tantos lugares da comarca de Cotobade, terra natal de Antonio Fraguas.



Se o socialismo chegase, Retrospectio 2000-1887
Edward Bellamy (Tomás González Ahola, tradución)

Se o socialismo chegase: Retrospectio 2000-1887 é un dos fitos da literatura americana, e á súa vez un exercicio de anticipación histórica e política sen precedentes. Foi a terceira novela máis vendida no seu tempo, un auténtico best-seller, e a súa publicación arrastrou todo un movemento político detrás e puxo as bases do que máis tarde sería chamado o xénero utópico dentro da ficción científica.

Feminismos
Anna R. Figueiredo

Escritora e profesora de ensino secundario no ámbito das ciencias, Anna R. Figueiredo ten publicadas numerosas historias curtas en banda desdeñada. Premio de Relato Curto de Mugardos (2014). Premio Quintal Literario (2014). Premio de Relato Curto Inspiraciencia (2014). Gaña o I Certame de Novela Viaductos coa súa primeira novela, Os bicos feridos (2018). A historia cóntana as vencedoras é un traballo divulgativo para animar ás mulleres máis novas a coñecer o movemento feminista e profundar nel. É un libro para entender dun xeito ameno a loita das mulleres por conseguir un mundo on de a igualdade sexa a norma e non a excepción. Unha historia do feminismo que non explica que un universo en igualdade é unha realidade boa para todas e para todos. A autora detense, tamén, no feminismo galego, vangarda, en moitos sentidos, da loita polo empoderamento da muller no resto de España. A historia cóntana as vencedoras. E hoxe é tempo de celebrar a vitoria da igualdade. Un desexo e un horizonte necesario.